



## **EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA**

### **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE DEBEN REXER A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE "RESTAURACIÓN DO RETABLO MAIOR DA IGREXA DE STO. TOMÉ DE ANCORADOS (A ESTRADA), A ADXUDICAR POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO.**

#### **TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS**

##### **CAPÍTULO I. Réxime xurídico**

###### **Cláusula 1.- Réxime xurídico.**

O presente contrato ten carácter administrativo, de conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

As partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego e no correspondente de prescricións técnicas particulares. Ambos pregos teñen carácter contractual.

Para o non previsto nos pregos, o contrato rexerese pola LCSP, polo Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo cal se desenrola parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RD 817/2009); polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de Outubro (RGLCAP), en todo o que non se opoña á anterior. A aplicación destas normas levarase a cabo en relación con todo o que non resultase afectado pola disposición derogatoria de la LCSP

Supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as de dereito privado.

Pola súa parte, de conformidade co artigo 35.1.d) da LCSP será de aplicación da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais e o Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

##### **CAPÍTULO II. Do órgano contratante.**

###### **Cláusula 2.- Órgano de contratación e órgano de asistencia**





## Órgano de contratación

De conformidade co artigo 61 LCSP, a representación das entidades do sector público en materia contractual corresponde aos órganos de contratación, unipersoais ou colexiados que, en virtude de norma legal ou regulamentaria ou disposición estatutaria, teñan atribuída a facultade de celebrar contratos no seu nome.

Para o ámbito local a regulación das competencias en materia de contratación regúlase na Disposición Adicional Segunda da LCSP

Sen perjuízo do anterior, os órganos de contratación poderán delegar ou desconcentrar as súas competencias e facultades nesta materia, co cumprimento das normas e formalidades aplicables a delegación ou descentralización de competencias, no caso de que se trate de órganos administrativos.

Para o presente contrato o órgano de contratación será o que figure no apartado 2 do Anexo I deste prego.

### Cláusula 3.- Responsable do contrato.

Ao responsable do contrato correspóndelle, de acordo co disposto no artigo 62.1 LCSP, supervisar a súa execución e adoptar as decisións e dítar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación lle atribúa.

Ademais, son funcións do responsable do contrato:

- a) Interpretar o Prego de Prescricións Técnicas e demais condicións técnicas establecidas no contrato ou en disposicións oficiais.
- b) Esixir a existencia dos medios e organización necesarios para a prestación dos servizos en cada unha das súas fases.
- c) Dar as ordes oportunas para lograr os obxectivos do contrato.
- d) Propoñer as modificacións que conveña introducir para o bo desenvolvemento dos servizos.
- e) Expedir, no seu caso, as certificacións parciais correspondentes aos servizos realizados segundo os prazos de execución e abono que se acordaron.
- f) Tramitar cantas incidencias xurdan durante o desenvolvemento dos servizos.
- g) Convocar cantas reunións estime pertinentes para o bo desenvolvemento dos servizos e a súa supervisión, á que estará obrigada a asistir a representación da empresa adxudicataria, asistida daqueles facultativos, técnicos, letrados ou especialistas da mesma que teñan algunha intervención na execución do servizo.





#### **Cláusula 4.- Unidade encargada do seguimento e execución do contrato.**

De conformidade co artigo 62 LCSP, a unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato será a que se indica no **apartado 3 do Anexo I** ao presente prego.

### **CAPÍTULO III. Do contrato.**

#### **Cláusula 5.- Obxecto e necesidade do contrato.**

O obxecto do contrato ao que se refire o presente prego, é a execución dos servizos descritos no **apartado 1 do anexo I** e definido no prego de prescricións técnicas particulares, no que se especifican os factores de todo orde a ter en conta. No mesmo apartado faise referencia as necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato.

De conformidade co artigo 99.3 LCSP, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos que deberán xustificarse debidamente. O presente contrato non se atópase dividido en lotes **apartado 1 do Anexo I** ao presente prego.

#### **Cláusula 6.- Valor estimado.**

O valor estimado do presente contrato, de conformidade co disposto no artigo 101 LCSP, ascende á cantidade expresada no **apartado 4 do Anexo I** ao presente prego.

#### **Cláusula 7.- Presuposto base de licitación e prezo do contrato.**

Os contratos terán sempre un prezo certo, que deberá expresarse en euros.

a.- O presuposto base de licitación do contrato ascende á cantidade expresada no **apartado 5 do Anexo I** ao presente prego. Foi elaborado de conformidade co disposto no artigo 100 e artigo 309 LCSP. O seu cálculo inclúe os tributos de calquera índole.

En todo caso, indicárase como partida independente, o importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).

b.- O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do mesmo.

No prezo consideraranse engadidos os tributos, taxa e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como todos os gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas contempladas no prego que se han cumprir durante a execución do contrato.





### **Cláusula 8.- Existencia de crédito.**

A execución das obras está amparada polos créditos que se indican no **apartado 5 do Anexo I** ao presente prego.

Si o contrato se financia con Fondos Europeos, debe someterse ás disposicións do Tratado da Unión Europea e aos actos fixados en virtude do mesmo e ser coherente coas actividades, políticas e prioridades comunitarias en pro dun desenvolvemento sostible e mellora do medio ambiente, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social así como a igualdade entre homes e mulleres, de conformidade co disposto no Regulamento (UE) nº1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, polo cal se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.

### **Cláusula 9.- Prazo e lugar de execución.**

O prazo total e os parciais de execución do contrato serán os que figuran no **apartado 8 do Anexo I** ao presente prego ou o que se determine na adxudicación do contrato.

Os prazos parciais que se fixen na aprobación do programa de traballo, cos efectos que na aprobación de determinen, entenderanse integrantes do contrato aos efectos legais pertinentes.

No caso de contratos de servizos chamados de "actividade", nos que o contratista presta o servizo de maneira regular e continuada, o prazo debe fixarse como prazo de duración. Non obstante, cando se establecera un prazo de execución fixo, o posible atraso na adxudicación respecto de dita data inicialmente fixada terá como efectos una redución do prazo de execución, e in consecuencia, das prestacións do contratista, dando lugar a unha correlativa redución do prezo así como do importe da garantía definitiva.

En todo caso, en relación co prazo de duración dos contratos haberá que estar ao disposto no artigo 29 da LCSP.

O contrato executarase no lugar que se indica no **apartado 8 do Anexo I**.

### **Cláusula 10. Prórroga del contrato.**





Sen perxuízo do disposto na cláusula anterior, o contrato poderá prorrogarse de conformidade co disposto no artigo 29 LCSP.

A prórroga acordárase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza ao menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses, todo elo de conformidade co disposto no apartado 2 do artigo 29 LCSP.

En ningún caso poderá producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes.

A prórroga do contrato establecida no apartado 2 o artigo 29 LCSP non será obrigatoria para o contratista nos casos nos que no contrato se dea a causa de resolución establecida no artigo 198.6 LCSP, por haberse demorado a Administración no abono do prezo máis de seis meses.

A garantía definitiva constituída inicialmente poderase aplicar ao período de prórroga sen que sexa necesario reaxustar a súa contía, salvo que xunto coa prórroga se acorde a modificación do contrato.

La posibilidad ou non de prórroga do presente contrato está prevista no **apartado 8 do Anexo I.**

Non obstante, de conformidade co artigo 29.4 LCSP, cando ao vencemento de un contrato non se houbera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista, como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comence a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se teña publicado con unha antelación mínima de tres meses, respecto da data de finalización do contrato orixinario.

As prórrogas deberanse aprobar con carácter previo ao remate do contrato.

### **Cláusula 11. - Condicións especiais de execución.**

Os órganos de contratación poderán establecer condicións especiais en relación coa execución do contrato, sempre que estean vinculadas o seu obxecto, no sentido do





artigo 145 LCSP, non sexan directa ou indirectamente discriminatorias e sexan compatibles co dereito comunitario.

As condicións especiais de execución para este contrato indícanse no **apartado 24 del Anexo I** ao presente prego.

Para o caso de incumprimento das condicións especiais de execución deberán establecerse penalidades **no apartado 30 do Anexo I** ou atribuírlles a estas condicións o carácter de obrigacións contractuais esenciais aos efectos sinalados na letra f) do artigo 211 LCSP.

Tódalas condicións especiais de execución que formen parte do contrato serán esixidas igualmente a tódolos subcontratistas que participen na execución do mesmo.

#### **Cláusula 12.- Revisión de precios.**

Na revisión de prezos estarase ao especificado no **apartado 6 do Anexo I** do presente prego, todo isto de conformidade co artigo 103 da LCSP e 104 ao 106 do RGLCAP.

Nos contratos celebrados con prezos provisionais non caberá a revisión de prezos de conformidade co disposto no artigo 102.7 LCSP.

#### **CAPÍTULO IV. Do licitador.**

##### **Cláusula 13.- Aptitude para contratar.**

Poderán optar á adxudicación do presente contrato as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou en unión temporal de empresarios, que teñan aptitude para contratar, de conformidade co establecido **no apartado 11 do Anexo I**.

Os contratistas deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización das prestacións que constitúan o obxecto do contrato.

Para as empresas comunitarias ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, e empresas non comunitarias, será de aplicación o disposto nos artigos 67 e 68 da LCSP

En relación ás Unións Temporais de Empresarios, a alteración da súa composición así como os supostos de modificación durante a licitación estarase ao disposto no artigo 69 apartado 8 e seguintes.





Nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigacións dimanantes do mesmo. Igualmente, nos supostos de escisión, aportación ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade á que se atribúa o contrato, que quedará subrogada nos dereitos e obrigacións dimanantes do mesmo, sempre que reúna as condicións de capacidade, ausencia de prohibición de contratar, e a solvencia esixida ao acordarse á adxudicación ou que as diversas sociedades beneficiarias das mencionadas operacións e, no caso de subsistir, a sociedade da que proveñan o patrimonio, empresas ou ramas segregadas, se responsabilicen solidariamente con aquelas da execución do contrato. Si non puidesen producirse a subrogación por non reunir a entidade á que se atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias se resolverá o contrato, considerándose a tódolos efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.

Aos efectos anteriores a empresa deberá comunicar ao órgano de contratación a circunstancia que se produciu.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

Os contratistas deberán contar así mesmo coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato, de conformidade co establecido no **apartado 13 do Anexo I** ao prego.

#### **Cláusula 14.- Clasificación e solvencia.**

De conformidade co artigo 74 LCSP, para celebrar contratos co sector público os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que se determinen polo órgano de contratación. Este requisito poderá ser substitutivo pola clasificación.

Para os contratos de servizos non será esixible a clasificación do empresario. No **apartado 11 do Anexo I** do prego establécense os criterios e requisitos mínimos de solvencia económica e financeira e de solvencia técnica ou profesional tanto nos termos previstos nos artigos 87 e 90 da LCSP como en termos de grupo ou subgrupo de clasificación e de categoría mínima esixible, sempre que o obxecto do contrato estea incluído no ámbito de clasificación dalgún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, atendendo para iso ao código CPV do contrato.

Por tanto, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación no grupo ou subgrupo de clasificación e categoría de clasificación





correspondentes ao contrato ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia detallados no **apartado 11 do Anexo I**.

#### **Cláusula 15.- Integración da solvencia con medios externos.**

Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e nos medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teñan con eles, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar.

Nas mesmas condicións, os empresarios que concorran agrupados nas unións temporais a que se refire o artigo 69 LCSP, poderán recorrer ás capacidades alleas á unión temporal.

Polo tanto, os licitadores poderán acreditar os requisitos específicos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional recollidas no **apartado 11 do Anexo I** baseándose na solvencia e medios doutras entidades. A falta ou insuficiencia da clasificación, no caso de que esta fose obrigatoria, non poderá suplirse mediante a integración da solvencia con medios externos.

De conformidade co artigo 75.1 LCSP, con respecto aos criterios relativos aos títulos de estudos e profesionais que se indican no artigo 90.1 e) ou á experiencia profesional pertinente, as empresas unicamente poderán recorrer ás capacidades doutras entidades se estas van prestar os servizos para os cales son necesarias ditas capacidades.

Nos contratos de servizos, de acordo co disposto no artigo 75.4 LCSP, os poderes adxudicadores poderán esixir que determinadas partes ou traballos, en atención á súa especial natureza, sexan executadas directamente polo propio licitador ou, no caso dunha oferta presentada por unha unión de empresarios, por un participante na mesma, sempre que así se prevexa no prego. Dita posibilidade atopase regulada **no apartado 25 de Anexo I**

#### **Cláusula 16.- Concreción das condicións de solvencia.**

Nos contratos de servizos, poderá esixirse as persoas xurídicas que especifiquen os nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación, de conformidade co artigo 76.1 da LCSP.

Ademais, en virtude do artigo 76.2 da LCSP, os órganos de contratación poderán esixir aos licitadores que ademais de acreditar a solvencia se comprometan a adicar ou adscribir a execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para elo. Estes compromisos teñen teñen o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos previstos no artigo 211 da LCSP, ou establecer penalidades,







conforme ao sinalado no artigo 192.2 da LCSP para o caso de que se incumpran polo adxudicatario.

A esixencia, no seu caso, dos nomes e a cualificación do persoal responsable de executar o contrato, así coma o compromiso de adscrición a execución do contrato de medios persoais e/ou materias, que se establece **no apartado 12 do Anexo** ao presente prego

### **Cláusula 17.- Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.**

De conformidade co artigo 159.4 a) da LCSP, tódolos licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través do procedemento simplificado sumario deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando proceda de conformidade co artigo 96.2 da LCSP, no Rexistro Oficial da Comunidade Autónoma correspondente na data final de presentación de ofertas, sempre que non se vexa limitada a concorrência. A estes efectos, tamén se considerará admisible a proposición do licitador que acredite haber presentado a solicitude de inscrición no correspondente Rexistro xunto coa documentación preceptiva para elo, sempre que tal solicitude sexa de data anterior á data final de presentación das ofertas. A acreditación de esta circunstancia terá lugar mediante a achega del acuse de recibo de la solicitude emitido polo correspondente Rexistro e dunha declaración responsable de haber aportado a documentación preceptiva e de non ter recibido requirimento de subsanación.

## **CAPÍTULO V. Do procedemento de adxudicación.**

### **Sección primeira.- Do procedemento e os criterios de adxudicación**

#### **Cláusula 18.- Procedemento.**

De conformidade co disposto no artigo 159.4 a) LCSP, o contrato adxudicarase por procedemento aberto simplificado, de acordo co establecido no **apartado 8 do Anexo I** do prego e levarase a cabo atendendo a un único criterio de adxudicación ou ben a unha pluralidade de criterios de adxudicación, segundo o disposto no **apartado 10 do Anexo I** do presente prego e conforme aos termos e requisitos establecidos en dito texto legal, de conformidade co disposto nos artigos 145 y 146 LCSP.

#### **Cláusula 19.- Publicidade.**

O anuncio de licitación do contrato unicamente precisará de publicación no perfil do contratante.





No perfil de contratante do Concello da Estrada que figura no **apartado 35 do Anexo I** ao presente prego, ofrecerase información relativa á convocatoria da licitación do contrato, incluíndo os pregos de cláusulas administrativas particulares e documentación complementaria, no seu caso.

Toda a documentación necesaria para a presentación da oferta estará dispoñible por medios electrónicos dende o día da publicación do anuncio en dito perfil do contratante.

Os interesados no procedemento de licitación poderán solicitar información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria coa antelación fixada no **apartado 34 do Anexo I** deste prego.

#### **Cláusula 20.- Criterios de adxudicación.**

O artigo 159.1 b) LCSP establece que para poder optar polo procedemento de contratación aberto simplificado entre os criterios de adxudicación previstos no prego non pode haber ningún avaliable mediante un xuízo de valor, e de habelos, a súa ponderación non pode superar o 25% do total, salvo no caso que o contrato teña por obxecto prestacións de carácter intelectual, como los servizos de enxeñería e arquitectura, que na súa ponderación non poderán superar o 45 por cento do total.

Os criterios que servirán de base para a adxudicación, son os sinalados nos **apartados 10 e 19 do Anexo I** ao presente prego, coa ponderación atribuída a cada un de eles ou cando por razóns obxectivas debidamente xustificadas non sexa posible ponderar os criterios elixidos, estes enumeraranse por orde decrecente de importancia.

Cando se sinala un único criterio de adxudicación, este deberá estar relacionado cos custes, podendo ser o prezo, ou un criterio baseado na rendibilidade como o custe do ciclo de vida calculado de acordo co indicado no artigo 148.

En caso de que o procedemento de adxudicación se articule en varias fases, indicarse igualmente en cales delas se irán aplicando os distintos criterios, establecendo un umbral mínimo do 50 por cento da puntuación no conxunto dos criterios cualitativos para continuar co proceso, debéndose indicar no **apartado 19 do Anexo I**

De entre os criterios obxectivos de adxudicación, no **apartado 20 do Anexo I** se sinalan os parámetros obxectivos que deberán permitir identificar os casos nos que unha oferta se considere anormal de conformidade co disposto no artigo 149.2 LCSP.

#### **Sección segunda.- Da garantía**





## Cláusula 21.- Garantía definitiva.

O licitador que presente a mellor oferta de conformidade co disposto no artigo 145, deberá constituír a disposición do órgano de contratación unha garantía definitiva. A súa contía será igual ao 5 por 100 do importe do prezo final ofertado polo licitador, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, ou, no seu caso, do presuposto base de licitación, segundo o previsto no **apartado 15 do Anexo I** ao presente prego. A constitución desta garantía deberá ser acreditada no prazo de sete días hábiles a contar dende o envío da comunicación.

En todo caso, a garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire o artigo 110 LCSP. Dentro de ditos conceptos se inclúe o incumprimento por parte do contratista da obrigaón de indemnizar os danos e prexuízos ocasionados a terceiros como consecuencia da incorrecta execución das prestacións obxecto do contrato, prevista no artigo 196 LCSP.

A garantía definitiva constituirase de conformidade co preceptuado no Capítulo I do Título IV do Libro I da LCSP e en calquera das formas que se establecen no artigo 108.1 LCSP, debendo consignarse na Tesourería Municipal.

Cando proceda a constitución da garantía en forma de retención no prezo prevista no artigo 108.2 LCSP, previa manifestación expresa do licitador que opta pola retención no prezo, esta levarase a cabo no primeiro abono.

Cando como consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, reaxustarase a garantía no prazo de 15 días naturais, contados dende a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación, a efectos de que garde a debida proporción co prezo do contrato resultante da modificación, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución contractual. No mesmo prazo contado dende a data na que se fagan efectivas as penalidades ou indemnizacións o adxudicatario deberá repoñer ou ampliar a garantía na contía que corresponda, incorrendo, en caso contrario, en causa de resolución. A estes efectos, non se considerarán as variacións de prezo que se produzan como consecuencia dunha revisión de prezos conforme ao sinalado no Capítulo II do Título III do Libro I.

A garantía complementaria establecerase de conformidade co previsto no artigo 107.2 LCSP., e estarase, no seu caso, ao disposto no **apartado 16 do Anexo I**.

## Cláusula 22.- Devolución y cancelación de la garantía definitiva.

Aprobada a liquidación do contrato, se non resultasen responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva e transcorrido o prazo de garantía dos servizos determinados no **apartado 32 do Anexo I**, ditarase acordo de devolución de aquela.





Transcurrido un ano dende a data de terminación do contrato e vencido o prazo de garantía, ou seis meses no caso de que o importe do contrato sexa inferior a 1.000.000 euros, ou cando as empresas licitadoras reúnan os requisitos de pequena ou mediana empresa, definida segundo o establecido no Regulamento CE n 800/2008, da Comisión de 6 de agosto de 2008, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e non estean controladas directa ou indirectamente por outra empresa que non cumpra tales requisitos, sen que a recepción formal e a liquidación houberen tido lugar por causas non imputables ao contratista, procederase á devolución ou cancelación da garantía, unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o artigo 110 LCSP e sen prexuízo do disposto no artigo 65.3 do RGLCAP.

No suposto de que se estableceran recepcións parciais, estarase ao indicado no **apartado 8 do Anexo I** respecto da cancelación parcial da garantía.

## **TÍTULO II. LICITACIÓN DO CONTRATO.**

### **CAPÍTULO I. Das proposicións.**

#### **Cláusula 23.- Presentación de proposicións.**

De conformidade co artigo 159 LCSP, as proposicións deberán presentarse necesaria e unicamente no rexistro indicado no anuncio de licitación.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros empresarios si o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas proposicións por el subscritas.

A presentación de proposicións supón a aceptación incondicional polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condicións previstas nos pregos que rexen o contrato, sen excepcións ou reserva algunha.

No que concirne as variantes se estará ao disposto no **apartado 21 do Anexo I**.

#### **Cláusula 24.- Forma e contido das proposicións.**

De conformidade co artigo 159.4.d) LCSP, a oferta presentarse nun sobre ou arquivo electrónico nos supostos en que no procedemento non se contemplen criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor. En caso contrario, a oferta presentarse en dous sobres ou arquivos electrónicos.

As proposicións constarán dos sobres indicados no **apartado 18 do Anexo I** ao presente prego.





En aplicación do establecido na Disposición Adicional 15ª da LCSP, a presentación das ofertas realizárase exclusivamente de forma electrónica, dentro do prazo habilitado ao efecto, e a través da Plataforma de Contratación do Estado.

O órgano ou a mesa de contratación poderá pedir aos licitadores que presenten a totalidade ou unha parte dos documentos xustificativos, cando consideren que existen dúbidas razoables sobre a vixencia ou fiabilidade da declaración, cando resulte necesario para o bo desenrolo do procedemento e, en todo caso, antes de adxudicar o contrato.

As proposicións constarán de UN ou DOUS SOBRES OU ARCHIVOS ELECTRÓNICOS

MODALIDADE I:

**NO SUPOSTO DE QUE NON SE CONTEMPLAN CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN CUXA CUANTIFICACIÓN DEPENDA DUN XUÍZO DE VALOR, A OFERTA PRESENTARASE NUN SOBRE ÚNICO.**

**SOBRE OU ARCHIVO ELECTRÓNICO ÚNICO: DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES.**

Dentro deste sobre os licitadores deberán incluír:

### **1.- Declaración responsable**

A declaración responsable presentarase redactada conforme ao modelo establecido no **Anexo II** ao presente prego.

### **2.- Unións Temporais de Empresarios.**

Deberase presentar unha única oferta de criterios avaliados mediante a aplicación de fórmulas conforme ao modelo do **Anexo III** suscrita por tódalas entidades que constitúan a UTE. En todos os supostos en que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, cada empresa participante **aportará unha Declaración responsable.**

Así mesmo, deberá aportarse o **compromiso** de constituír a unión temporal por parte dos empresarios que sexan parte da mesma de conformidade co esixido no apartado 3 do artigo 69 LCSP, cunha duración que será coincidente, ao menos, coa do contrato ata a súa extinción. Modelo do Anexo IV.

No escrito de compromiso indicárase: os nomes e circunstancias dos que a constitúan; a participación de cada un deles, así como a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios





do contrato. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas que compoñen a unión.

### **3.- Empresas vinculadas.**

Unicamente, as empresas pertencentes a un mesmo grupo, entendéndose por tales as que se encontren en algún dos supostos do artigo 42 do Código de Comercio e que presenten distintas proposicións para concorrer individualmente á adxudicación, deberán presentar declaración na que fagan constar esta condición.

Tamén deberán presentar declaración explícita aquelas sociedades que, presentando distintas proposicións, concorreran en algún dos supostos alternativos establecidos en el artigo 42 do Código de Comercio, respecto dos socios que a integran.

### **4.- Oferta de criterios avaliados en cifras ou porcentaxes.**

A oferta de criterios avaliados en cifras ou porcentaxes presentárase redactada conforme ao modelo establecido no **Anexo III** ao presente prego, non aceptándose aquelas que conteñan omisións, erros ou riscadas que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta. Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será deserta pola Mesa de contratación mediante resolución motivada, sen que sexa causa bastante para o rexeitamento o cambio ou omisión de algunhas palabras do modelo si iso non altera o seu sentido.

Na proposición indícase como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido.

Así mesmo, cando para a selección do contratista se atenda a unha pluralidade de criterios, incluírase neste sobre, no seu caso, a documentación relativa a aqueles criterios avaliados de maneira automática mediante cifras ou porcentaxes por aplicación das fórmulas establecidas nos pregos.

En relación coa documentación técnica a presentar cos criterios de adxudicación estarase ao disposto **no apartado 19 do Anexo I**

MODALIDADE II

**NO SUPUESTO DE NO PROCEDIMIENTO SE CONTEMPLAN CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN CUXA CUANTIFICACIÓN DEPENDA DUN XUÍZO DE VALOR.**





## **A- SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR.**

Dentro deste sobre os licitadores deberán incluír:

### **1.- Declaración responsable**

A declaración responsable presentárase redactada conforme ao modelo establecido no **Anexo II** ao presente prego.

### **2.- Unións Temporais de Empresarios.**

En caso de que varias empresas concorran agrupadas nunha unión temporal, cada empresa deberase aportar unha declaración responsable conforme ao modelo do **Anexo II**.

Así mesmo, deberá aportarse **o compromiso** de constituír a unión temporal por parte dos empresarios que sexan parte da mesma de conformidade co esixido no apartado 3 do artigo 69 LCSP, cunha duración que será coincidente, ao menos, coa do contrato ata a súa extinción. Anexo IV.

No escrito de compromiso indicárase: os nomes e circunstancias dos que a constituán; a participación de cada un deles, así como a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas que compoñen a unión.

### **3.- Empresas vinculadas.**

Unicamente, as empresas pertencentes a un mesmo grupo, entendéndose por tales as que se encontren en algún dos supostos do artigo 42 do Código de Comercio e que presenten distintas proposicións para concorrer individualmente á adxudicación, deberán presentar declaración na que fagan constar esta condición.

Tamén deberán presentar declaración explícita aquelas sociedades que, presentando distintas proposicións, concorran en algún dos supostos alternativos establecidos en el artigo 42 do Código de Comercio, respecto dos socios que a integran.

### **4.- Documentación relativa aos criterios avaliábeis mediante xuízos de valor.**

Incluírase a documentación que deba ser valorada conforme aos criterios cuxa ponderación depende de un xuízo de valor **apartado 19 do Anexo I**





## **B.- SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO DE OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES.**

Dentro deste sobre os licitadores deberán incluír:

### **1.- Oferta de criterios avaliados en cifras ou porcentaxes.**

A oferta de criterios avaliados en cifras ou porcentaxes presentárase redactada conforme ao modelo establecido no **Anexo III** ao presente prego, non aceptándose aquelas que conteñan omisións, erros ou riscadas que impidan coñecer claramente o que a Administración estime fundamental para considerar a oferta. Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do presuposto base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será deserta pola Mesa de contratación mediante resolución motivada, sen que sexa causa bastante para o rexeitamento o cambio ou omisión de algunhas palabras do modelo si iso non altera o seu sentido.

Na proposición indicárase como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido.

Así mesmo, cando para a selección do contratista se atenda a unha pluralidade de criterios, incluírase neste sobre, no seu caso, a documentación relativa a aqueles criterios avaliados de maneira automática mediante cifras ou porcentaxes por aplicación das fórmulas establecidas nos pregos.

En relación coa documentación técnica a presentar cos criterios de adxudicación estarase ao disposto **no apartado 19 do Anexo I**

### **Cláusula 25.- Cualificación da documentación presentada, valoración e apertura de proposicións.**

A apertura das proposicións efectuarase pola mesa de contratación na orde que proceda de conformidade co establecido no artigo 145 LCSP. Podendo existir un único sobre cando no procedemento non se contemplen criterios de valor avaliados mediante xuízo de valor e dous sobres cando se contemplen os mencionados criterios. Tendo en conta o anterior, a actuación da mesa de contratación será a seguinte:

#### **MODALIDADE I:**

Naqueles caos en que o licitador solo deba presentar un único sobre, ao non contemplarse no procedemento criterios de adxudicación cuxa cuantificación







dependa dun xuízo de valor, a mesa de contratación, no acto correspondente, procederá á apertura das proposicións e a súa lectura.

Finalizado o acto publico, na mesma sesión, a mesa procederá a cualificar a declaración presentada polos licitadores.

Se fose posible na mesma mesa, previa exclusión, no seu caso, das ofertas que non cumpran os requirimentos do prego, a mesa procederá a avaliar e clasificar as ofertas.

No suposto de que se identifiquen ofertas que se atopen incursas en presunción de anormalidade, a mesa seguirá o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP, concedéndolle ao licitador un prazo de 3 días hábiles desde o envío da comunicación, para que xustifique a súa oferta.

Ademais, en caso que se produza empate entre dúas ou mais ofertas, deberase aplicar o réxime de desempate establecido na cláusula 27.

Posteriormente, a mesa realizará a proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación. En relación co licitador proposto como adxudicatario, a mesa comprobará no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, ostenta solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso a clasificación correspondente, e non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

A mesa tamén requirirá á empresa que obteña a mellor puntuación, a documentación necesaria para a adxudicación e, no seu caso, calquera outra documentación que non figure inscrita no Rexistro de Licitadores, nos termos establecidos na cláusula 27 deste prego.

## **MODALIDADE II**

Naqueles casos nos que o licitador deba presentar dous sobres, ao contemplarse criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa de un xuízo de valor, a mesa de contratación, en acto privado, procederá a apertura do sobre que conteña a declaración responsable e a oferta de criterios avaliábles mediante xuízos de valor. A documentación que conteña o sobre relativo aos criterios de adxudicación cuxa cuantificación dependa de xuízos de valor, remitirase aos servizos técnicos do órgano de contratación para que no prazo de 7 días emita informe de valoración.

Finalizado o acto privado, na mesma sesión, a mesa procederá a cualificar a declaración presentada polos licitadores.





O órgano de contratación publicará, coa debida antelación, no perfil do contratante a data da apertura dos criterios cuantificables mediante a aplicación de formulas, de conformidade co artigo 159.4.d) LCSP.

A mesa de contratación indicará as proposicións que foron admitidas, as que foron rechazadas e as causas de inadmisión destas últimas. Tamén se dará a coñecer a valoración asignada aos criterios de adxudicación avaliáveis mediante xuízos de valor, e por último procederase a apertura e lectura dos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas.

Finalizado o acto correspondente, na mesma sesión, a mesa procederá, previa exclusión das ofertas que non cumpran os requirimentos dos pregos, a avaliar e clasificar as ofertas.

No suposto de que se identifiquen ofertas que se atopen incursas en presunción de anormalidade, a mesa seguirá o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP, concedéndolle ao licitador un prazo de 3 días hábiles desde o envío da comunicación, para que xustifique a súa oferta.

Ademais, no caso de que se produza o empate entre dúas ou máis ofertas, deberase aplicar o réxime de desempate establecido no artigo 147.2 da LCSP. Cláusula 27.

Posteriormente, a mesa procederá:

- I. Previa exclusión, no seu caso, das ofertas que non cumpran os requirimentos do prego, avaliar e clasificar as ofertas.
- II. Realizar a proposta de adxudicación a favor do candidato coa mellor puntuación.

En relación co licitador proposto como adxudicatario, a mesa comprobará no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que a empresa está debidamente constituída, o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta e que non incorra en ningunha prohibición para contratar.

Así mesmo a mesa requirirá á empresa que obtivo a mellor puntuación, a documentación necesaria para a adxudicación e, no seu caso, calquera outra documentación que non figure inscrita no Rexistro de Licitadores, nos termos establecidos na cláusula 27 do presente prego.

Notificada a adxudicación do contrato e transcorridos os prazos para a interposición de recursos sen que se interpuxeran, a documentación que acompaña ás proposicións quedará a disposición dos interesados. Se estes non retiran a súa documentación nos tres meses seguintes á data en que se lles notifique a adxudicación, a Administración non estará obrigada a seguila custodiando.





## **CAPÍTULO II. Da proposta de adxudicación, adxudicación e perfección e formalización.**

### **Cláusula 26.-Efectos da proposta de adxudicación. Decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato e desistimento do procedemento de adxudicación pola Administración.**

A proposta de adxudicación do contrato non crea dereito algún en favor do licitador proposto, que non os adquirirá fronte á Administración, mentres non se formalice o contrato ou, no seu caso, aceptada polo contratista a resolución de adxudicación.

De conformidade co disposto no artigo 152 LCSP a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato ou o desistimento do procedemento poderán acordarse polo órgano de contratación antes da formalización ou, no seu caso, da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación.

Só poderá adoptarse a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. O desistimento do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación, debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa.

### **Cláusula 27.- Adxudicación do contrato.**

A adxudicación do contrato corresponde ao órgano de contratación sinalado no **apartado 2 do Anexo I** ao presente prego.

O órgano de contratación adxudicará o contrato ao licitador que presentara a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 LCSP. Cando o único criterio a considerar sexa o prezo, entenderase que a mellor oferta é a que incorpora o prezo máis baixo, sen prexuízo da aplicación de criterios para a determinación de ofertas anormalmente baixas. A adxudicación utilizando unha pluralidade de criterios farase en base á mellor relación calidade-prezo.

A mesa procederá a requirir á empresa que obtivo a mellor puntuación, mediante comunicación electrónica, para que presente no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación a seguinte documentación:

- Acreditación da formalización da constitución da garantía definida.
- Compromiso a que se refire o artigo 75.2 a LCSP.
- Documento xustificativo de que se dispón dos medios que se houberen comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76,2 da LCSP.





- Subscrición das pólizas que se indican **no apartado 17 do Anexo I** do prego
- Acreditación do cumprimento das condicións especiais de execución.
- Calquera outra documentación que se estableza no prego.

De acordo co disposto no artigo 139.1 LCSP, a presentación das proposicións supón a autorización á mesa e ao órgano de contratación para consultar os datos recollidos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou nas listas oficiais de operadores económicos nun Estado membro da Unión Europea.

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou organismo equivalente eximirá aos licitadores inscritos, a tenor do que nel está reflectido e salvo proba en contrario, da presentación nas convocatorias de contratación das condicións de aptitude do empresario.

Por tanto, en aqueles casos nos que algún dos datos ou documentos non constaran inscritos no **Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público**, a mesa de contratación deberá requirir ao empresario que presentara a mellor oferta, así como a tódalas empresas integrantes da UTE que fora proposta como adxudataria, para que no prazo de 7 días hábiles a contar dende o envío da comunicación presenten, no seu caso, a seguinte documentación:

### **1.- Capacidade de obrar.**

**1.1.-** Se a empresa fora persoa xurídica, a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acto fundacional nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica da que se trate, así como o Número de Identificación Fiscal (NIF).

**1.2.-** Si se trata de empresario individual, o DNI ou documento que, no seu caso, o substitúa regulamentariamente.

**1.3.-** A capacidade de obrar dos empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo, acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente, de acordo coa lexislación do Estado onde esteen establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

**1.4.-** Cando se trate de empresas estranxeiras non comprendidas no parágrafo anterior, informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial





radique o domicilio da empresa, no que se faga constar, previa acreditación pola empresa.

**1.5.** Sen prexuízo da aplicación das obrigacións de España derivadas de acordos internacionais, as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán xustificar mediante informe que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite a súa vez a participación de empresas españolas na contratación cos entes do sector público asumibles aos numerados no artigo 3, en forma substancialmente análoga. Dito informe será elaborado pola correspondente Oficina Económica e Comercial de España no exterior e se acompañará á documentación que se presente.

**1.6.-** As empresas estranxeiras presentarán a súa documentación traducida de forma oficial ao castelán ou a o galego.

## **2.- Bastanteo de poderes**

No suposto de que o licitador estea inscrito no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, non será necesaria a presentación do bastanteo de poder realizado pola Secretaria do Concello, cando dita representación conste debidamente inscrita.

No caso de que o licitador non estea inscrito en dito Rexistro, os que comparezan ou firmen proposicións en nome doutro ou representen a unha persoa xurídica, deberán acompañar escrituras ou documentación acreditativa das facultades do representante debidamente bastanteada pola Secretaría do Concello de A Estrada. Para a obtención do bastanteo deben facer chegar á Secretaría os seguintes documentos:

- DNI orixinal do representante.
- Documentación que acredite a capacidade da persoa xurídica e das facultades do representante da entidade para participar en licitacións públicas.
- Salvo que se trate de poderes especiais outorgados para o acto concreto da licitación, deberá constar a inscrición dos poderes no Rexistro Mercantil, en caso de sociedades.

## **3.- Solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.**

Os licitadores poderán acreditar indistintamente a súa solvencia mediante os requisitos específicos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional nos temos e polos medios que se relacionan no **apartado 11 do Anexo I** ou ben





mediante a súa clasificación no grupo ou subgrupo e categoría que se indica no **apartado 11 do Anexo I** deste prego

#### **4- Habilitación empresarial.**

No caso de que o licitador deba acreditar a súa habilitación empresarial de conformidade co disposto no **apartado 13 do Anexo I** ao presente prego, deberá aportar os documentos acreditativos da mesma.

#### **5- Unións Temporais de Empresarios**

No suposto de que o contrato se adxudique a unha unión temporal de empresarios, esta acreditará a súa constitución en escritura pública, así como o NIF asignado a dita unión, unha vez efectuada a adxudicación do contrato a súa favor. En todo caso, a duración da unión será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

#### **6- Obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.**

##### **Obrigacións tributarias:**

a) Orixinal ou copia compulsada de alta no imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, sempre que exerza actividades suxeitas a dito imposto, en relación coas que veña realizando á data de presentación da súa proposición referida ao exercicio corrente ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non darse de baixa na matrícula do citado imposto.

Os suxeitos pasivos que estean exentos do imposto deberán presentar declaración responsable indicando a causa de exención. No suposto de encontrarse nalgunha das exencións establecidas no artigo 82.1 apartados b), e) y f) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberán presentar así mesmo resolución expresa da concesión da exención da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

As unións temporais de empresarios deberán acreditar, unha vez formalizada a súa constitución, o alta no imposto, sen prexuízo da tributación que corresponda ás empresas integrantes da mesma.

b) Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 do RGLCAP.

c) Certificación positiva expedida pola Axencia Autonómica da Administración Tributaria, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 do RGLCAP.





Ademais, o proposto adxudicatario non deberá ter débedas de natureza tributaria no período executivo de pago co Concello da Estrada. A Administración Local, de oficio, comprobará mediante os datos obrantes na Tesourería o cumprimento de dita obrigaición.

### **Obrigacións coa Seguridade Social:**

Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, na que se conteña xenericamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 do RGLCAP.

Os profesionais colexiados que, de conformidade coa Disposición Adicional Décimo oitava do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, esteen exentos da obrigaición de alta no réxime especial e que opten ou optaran por incorporarse á Mutualidade de Previsión Social do correspondente colexio profesional, deberán aportar unha certificación da respectiva Mutualidade, acreditativa da súa pertenza á mesma.

A presentación de dita certificación non exonera ao interesado de xustificar as restantes obrigaicións que se sinalan no presente prego cando teña traballadores ao seu cargo, debendo, en caso contrario, xustificar dita circunstancia mediante declaración responsable.

Presentada a documentación e, nos casos en que resulte preceptiva, previa fiscalización do compromiso do gasto pola Intervención, nun prazo non superior a 5 días, procederase a adxudicar o contrato a favor do licitador proposto como adxudicatario, procedéndose, unha vez adxudicado o mesmo, a súa formalización ou, no seu caso, á aceptación polo contratista da resolución de adxudicación. No caso contrario, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixirle o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, sen prexuízo do establecido na letra a) do apartado 2 do artigo 71, e efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación, outorgándose o prazo de 7 días hábiles para presentar a documentación que lle sexa requirida.

A adxudicación notificarase aos licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días.

O órgano de contratación poderá declarar deserta a licitación, no seu caso, a proposta da mesa de contratación, cando non exista ningunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran no prego.

De conformidade co disposto no artigo 147.2 LCSP, o empate entre varias ofertas trala aplicación dos criterios de adxudicación do contrato resolverase mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios sociais, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación de ofertas:





- a) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social na plantilla de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en plantilla, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión na plantilla.
- b) Menor porcentaxe de contratos temporais na plantilla de cada unha das empresas.
- c) Maior porcentaxe de mulleres empregadas na plantilla de cada unha das empresas.
- d) O sorteo, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dera lugar a desempate.

A efectos de aplicación destes criterios os licitadores deberán acreditarlos, no seu caso, mediante os correspondentes contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social e calquera outro documento admitido en dereito que acredite os criterios sociais anteriormente referidos.

### **Cláusula 28.- Perfección e formalización do contrato.**

O contrato perfeccionarase coa súa formalización.

Unha vez adxudicado o contrato procederase a súa formalización en documento administrativo, que se axustará ás condicións da licitación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo da súa conta os gastos correspondentes. En ningún caso se poderán incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen a alteración dos termos da adxudicación.

Se o contrato é susceptible de recurso especial en materia de contratación, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran os quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores ou desde que se dite resolución co levantamento da suspensión do acto de adxudicación. Transcorrido este prazo, os servizos dependentes do órgano de contratación requirirán ao adxudicatario para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días, contados desde o seguinte a aquel en que recibira o requirimento.

Nos restantes contrato, a formalización do contrato deberá efectuarse non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel no que se reciba a notificación da adxudicación aos licitadores na forma prevista no artigo 151 LCSP.







De conformidade co establecido no artigo 153.4 LCSP cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizase o contrato ou non se levase a cabo a aceptación polo contratista da resolución de adxudicación, dentro do prazo indicado esixíraselle o importe do 3% do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, sen prexuízo do establecido na letra b) do apartado 2 do artigo 71 LCSP.

### **TÍTULO III. EXECUCIÓN DO CONTRATO.**

#### **CAPITULO I.- Dereitos e obrigas do contratista**

##### **Sección primeira.- Dos abonos ao contratista**

##### **Cláusula 29.- Valoracións e abonos**

O contratista ten dereito ao abono, con arranxo aos prezos convidados, dos servizos que realmente execute con suxeición ao contrato outorgado, ás modificacións aprobadas e as instrucións dadas pola Administración, sendo a forma de pago e a súa periodicidade as especificadas no **apartado 7 do Anexo I**.

A estes efectos, de conformidade co apartado dous da disposición adicional trixésimo segunda da LCSP, o contratista deberá facer constar en cada factura presentada, a identificación tanto do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, coma do órgano de contratación e do destinatario, segundo disposto no **apartado 2 do Anexo I**.

A Administración terá a obriga de abonar o prezo dentro dos trinta días seguintes a data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados, e se se demorase, deberá abonar ao contratista, a partir do cumprimento do dito prazo d trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2044, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Para que poida iniciarse o cómputo do prazo para o devengo de intereses, o contratista deberá haber cumprido a obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente nos termos establecidos na normativa vixente sobre factura electrónica, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data da entrega efectiva da mercancía.

Sen prexuízo do establecido no artigo 210.4 da LCSP, a Administración deberá aprobar os documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados dentro dos trinta días seguintes á entrega efectiva dos bens.





En todo caso, se o contratista incumpriera o prazo de trinta días para presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente nos termos establecidos na normativa vixente sobre factura electrónica, o devengo de intereses non se iniciará ata transcorridos trinta días desde a data da correcta presentación da factura, sen que administración aprobara a conformidade, se procede, e efectuado o correspondente abono.

Nos contratos de servizos que sexan de tracto sucesivo, o responsable do contrato, á vista dos traballos realmente executados e dos prezos contratados, redactará as correspondentes valoracións axustadas ao disposto nos artigos 199 e seguintes do RGLCAP. As valoracións efectuaranse sempre á orixe, concretándose os traballos realizados no período de tempo de que se trate, observándose, en canto á audiencia do contratista, o disposto no artigo 149 do RGLCAP.

As certificacións para o abono dos traballos efectuados expediranse tomando como base a valoración correspondente e tramitaranse polo responsable do contrato dentro dos dez días seguintes ao período de tempo a que correspondan, non podendo omitirse a redacción da valoración polo feito de que, nalgún período, a prestación realizada fose de escaso volume e mesmo nula, a menos que se acordou a suspensión do contrato.

Cando se prevexa expresamente no Anexo I, poderán realizarse valoracións parciais por traballos efectuados antes de que se produza a entrega parcial dos mesmos, de conformidade co artigo 200 do RGLCAP, nese caso estarase ao disposto no **apartado 7 do Anexo I**.

O contratista, previa petición escrita, terá dereito a percibir á iniciación do contrato ata un 20 por 100 do importe total do mesmo, como abono a conta para o financiamento das operacións preparatorias para a execución do mesmo, como instalacións e adquisición de equipo e medios auxiliares.

Os referidos pagos serán asegurados mediante a prestación da garantía que se especifica no **apartado 7 do Anexo I**.

Os criterios e a forma de valoración das operacións preparatorias, así como o plan de amortización dos abonos a conta atópanse recollidos no **apartado 7 do Anexo I**.

## **Sección segunda.- Das esixencias ao contratista**

### **Cláusula 30.-Obrigacións, gastos e impostos esixibles ao contratista.**

O contrato executarase con suxeición as cláusulas do mesmo e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dera ao contratista a Administración.





Son de conta do contratista os gastos e impostos, os de formalización do contrato no suposto de elevación a escritura pública, así como de cantas licencias, autorizacións e permisos procedan en orde a executar correctamente o contrato. Así mesmo, virá obrigado a satisfacer todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento do contrato, como son os xerais, financeiros, de seguros, transportes e desprazamentos, materiais, instalacións, honorarios do persoal ao seu cargo, de comprobación e ensaio, taxas e toda clase de tributos, o IVE e calquera outros que puideran derivarse da execución do contrato durante a vixencia do mesmo.

O contratista terá a obrigaón de colocar, ao seu cargo, carteis informativos da actuación que se execute, seguindo os modelos e instrucións da Administración.

O contratista está obrigado a instalar, a súa costa, as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, as de circulación na zona que ocupan os traballos, así como as dos puntos de posible perigo debido á marcha de aqueles, tanto en dita zona como nos seus lindes ou inmediacións. **Apartado 37 do Anexo I**

Tanto nas ofertas que formulen os licitadores coma nas propostas de adjudicación, entenderanse comprendidos, a todos os efectos, os tributos de calqueira índole que graven os diversos conceptos.

Non obstante, en todo caso, na oferta económica, indicárase como partida independente o importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).

### **Sección terceira. Das disposicións laborais e sociais e de transparencia.**

#### **Cláusula 31.- Obrigacións laborais, sociais e de transparencia.**

O contratista está obrigado ao cumprimento da normativa vixente en materia laboral e de seguridade social. Así mesmo, está obrigado ao cumprimento do Real Decreto Legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, de la Lei 31/1995, de 8 de novembro, sobre Prevención de Riscos Laborais, e do Regulamento dos Servizos de Prevención, aprobado por Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, así como das normas que se promulguen durante a execución do contrato.

A empresa contratista está obrigada a cumprir durante todo o período de execución do contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación, se ben en todo caso, o adjudicatario estará obrigado a cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ao Convenio Colectivo sectorial de aplicación.





Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, o adxudicatario do contrato está obrigado a subministrar á Administración, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigacións previstas na citada norma, así como naquelas normas que se diten no ámbito municipal.

### **Cláusula 32. Información sobre las condiciones de subrogación en contratos de trabajo.**

Cando una norma legal, un convenio colectivo o un acordo de negociación colectiva de eficacia xeneral, impona ao adxudicatario la obligación de subrogarse como empleador en determinadas relaciones laborais, se facilitará a los licitadores la información sobre las condiciones de los contratos de los traballadores a los que afecte la subrogación, que resulte necesaria para permitir una exacta avaliación de los custes laborais que implicará tal medida, información que se facilita en cumprimento de lo previsto en el artículo 130 LCSP.

La empresa que resulte adxudicataria del presente contrato e que teña la condición de empleadora de los traballadores afectados, estará obligada a proporcionar la información anteriormente referida, a requirimento del responsable del contrato. Como parte de la información en todo caso se deberán aportar los listados del persoal obxecto de subrogación, indicándose: el convenio colectivo de aplicación y los detalles de categoría, tipo de contrato, xornada, fecha de antigüidade, vencemento del contrato, salario bruto anual de cada traballador, así como todos los pactos en vigor aplicables a los traballadores a los que afecte la subrogación.

En todo caso, en relación ao réxime de subrogación deberá estarse a lo disposto en el artículo 130 LCSP.

Animismo, y sen prexuízo de la aplicación, en seu caso, de lo establecido en el artículo 44 del texto refundido de la Lei del Estatuto de los Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, contratista está obrigado a responder de los salarios impagados a los traballadores afectados por subrogación, así como de las cotizacións a la Seguridade Social devengadas, aínda no suposto de que se resolva o contrato e aqueles sexan subrogados por el novo contratista, sen que en ningún caso dicha obligación corresponda a este último. En este caso, la Administración, acreditada la falta de pago de los citados salarios, procederá conforme a lo previsto en el artículo 130.6 de la citada Lei.

O incumplimento polo contratista da obriga prevista no artículo 130 LCSP dará lugar a imposición de penalidades dentro dos límites establecidos no artículo 192, de conformidade co **apartado 30 de Anexo I**.

### **Sección cuarta.- Da confidencialidade e protección de datos de carácter persoal**





### **Cláusula 33.- Deber de confidencialidade.**

En relación coa confidencialidade será de aplicación o disposto no artigo 133 LCSP.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dese o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante o prazo establecido **no apartado 33 do Anexo I**

Non se poderá divulgar a información facilitada polos empresarios que estes designaran como confidencial, e así fora acordado polo órgano de contratación. A estes efectos, os licitadores deberán incorporar no sobre a relación de documentación para os que propoñan ese carácter confidencial, fundamentando o motivo de tal carácter. **Anexo V.**

### **Cláusula 34.- Protección de datos de carácter persoal.**

A empresa adxudicataria e o seu persoal están obrigados a gardar segredo profesional respecto aos datos de carácter persoal dos que teñan coñecemento por razón da prestación do contrato, obriga que subsistirá aínda despois de rematar o mesmo, de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía de dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

O adxudicatario deberá formar e informar ao seu persoal das obrigas que en materia de protección de datos está obrigados a cumprir no desenvolvemento das súas tarefas para a prestación do contrato, en especial as derivadas do deber de segredo, respondendo a empresa adxudicataria persoalmente das infraccións legais en que por incumprimento dos seus empregados se puidera incurrir.

Se o contrato adxudicado implica o tratamento de datos de carácter persoal estarase ao disposto nos artigos 116.1 e 122.2 da LCSP, debendo respectar na súa integridade a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía de dereitos dixitais e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, de conformidade co establecido na Disposición Adicional vixésimo quinta da LCSP.

## **Sección quinta. Dos seguros de responsabilidades por danos**

### **Cláusula 35.- Seguros.**





O contratista, estará obrigado a subscribir, ao seu cargo, as pólizas de seguros que se indican no **apartado 17 do Anexo I** ao presente prego, polos conceptos, contías, coberturas, duración e condicións que se establecen no mesmo.

### **Cláusula 36.- Responsabilidade do contratista por danos e prexuízos.**

De conformidade co disposto no artigo 196 LCSP, o contratista será responsable de tódolos danos e prexuízos directos e indirectos que se causen a terceiros como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato. Se os danos e prexuízos ocasionados foran consecuencia inmediata e directa dunha orde dada pola Administración, esta será responsable dentro dos límites sinalados nas leis.

En caso de incumprimento por parte do contratista da obrigaón de indemnizar os danos e prexuízos ocasionados a terceiros como consecuencia da incorrecta execución das prestacións obxecto do contrato, a Administración procederá á imposición das penalidades que se determinen no **apartado 30 do Anexo I** ao presente prego.

## **CAPITULO II.- Da cesión de a subcontratación**

### **Cláusula 37.- Cesión do contrato.**

Os dereitos e obrigaóns dimanantes do presente contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato, se cumpran os supostos e os requisitos establecidos no artigo 214.2 LCSP, e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado. Sen prexuízo do establecido no apartado 2, letra b) do artigo 214 LCSP, non poderá autorizarse a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características do contratista si estas constitúen un elemento esencial do contrato.

En relación coa posibilidade de cesión do contrato haberá que estar ao establecido no **apartado 27 do Anexo I** ao prego.

### **Cláusula 38.- Subcontratación.**

O contratista, segundo previsto no **apartado 26 do Anexo I**, poderá concertar con terceiros a realización de prestacións accesorias do mesmo, salvo que conforme ao establecido nas letras d) e e) do apartado 2º do artigo 215 LCSP, a prestación ou parte da mesma sexa executada directamente polo contratista e sempre que se cumpran os requisitos establecidos no apartado 2 do artigo 215 LCSP.

A infracción destas condicións, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fan urxente a subcontratación, terá, entre outras previstas na LCSP, e en





función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias:

- a) A imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50% do importe do subcontrato, segundo o establecido no **apartado 30 do Anexo I** ao presente prego.
- b) A resolución do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos establecidos no segundo parágrafo da letra f) do apartado 1 do artigo 211 LCSP.

Así mesmo, e en canto aos pagos a subcontratistas e subministradores, quedará obrigado ao cumprimento dos requisitos e obrigacións establecidos nos artigos 216 e 217 LCSP.

En todo caso, os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte á Administración, con arranxo estrito aos pregos de cláusulas administrativas particulares, e aos termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigacións en materia medioambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201 LCSP.

Os subcontratistas non terán acción directa fronte á Administración contratante polas obrigacións contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

O contratista deberá comunicar por escrito, trala adxudicación do contrato e, a máis tardar, cando inicie a execución deste, ao órgano de contratación a súa intención de celebrar subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista, e xustificándoo suficientemente a aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e a súa experiencia.

Así mesmo, xunto co escrito mediante o que se dea coñecemento á Administración do subcontrato a celebrar, o contratista deberá acreditar que o subcontratista non se encontra incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo 71 LCSP. Dita acreditación poderá facerse efectiva mediante declaración responsable do subcontratista.

O contratista principal deberá notificar por escrito ao órgano de contratación calquera modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal, e toda a información necesaria sobre os novos subcontratistas.

O contratista deberá informar aos representantes dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.





Si así se require no **apartado 26 do Anexo I**, os licitadores deberán indicar na súa oferta a parte do contrato que teñan previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil empresarial dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización.

Neste caso, si os subcontratos non se axustan ao indicado na oferta, non poderán celebrarse ata que transcorran vinte días desde que efectúen a notificación e achega das xustificacións referidas no parágrafo anterior, salvo autorización expresa con anterioridade pola Administración ou situación de emerxencia xustificada, excepto se a Administración notifica nese prazo a súa oposición.

De conformidade co artigo 217.1 LCSP, o contratista deberá remitir ao órgano de contratación, cando este o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministro de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pago. Así mesmo, deberán aportar a solicitude da Administración xustificante do cumprimento dos pagos a aquelas unha vez terminada a prestación, dentro dos prazos de pago legalmente establecidos no artigo 216 LCSP e na Lei 3/2004 de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que lle sexa de aplicación. Estas obrigacións terán a consideración de condicións esenciais de execución do contrato e o seu incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades que, no seu caso, se prevea no **apartado 30 do Anexo I** ao presente pregos.

As actuacións de comprobación e de imposición de penalidades polo incumprimento previstas no apartado 1 do artigo 217.2 LCSP, serán obrigatorias nos contratos de servizos cuxo valor estimado supere os 5 millóns de euros, e nos que o importe da subcontratación se igual ou superior ao 30% do prezo do contrato, en relación aos pagos a subcontratistas que asumiran contractualmente co contratista principal o compromiso de realizar determinadas partes do contrato.

En ningún caso será imputable á Administración o atraso no pago derivado da falta de conformidade do contratista principal á factura presentada polo subcontratista.

### **CAPÍTULO III. Execución do contrato.**

#### **Sección primeira. Do risco e ventura.**

##### **Cláusula 39.- Risco e ventura.**

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista, segundo o disposto no artigo 197 LCSP.

#### **Sección segunda. Do cumprimento do contrato**







#### **Cláusula 40.- Programa de traballo.**

A obriga de presentar o programa de traballo, determinarase no **apartado 9 do Anexo I.**

O contratista, no prazo que se indica no **apartado 9 do Anexo I**, contado a partir da formalización do contrato, haberá de someter a aprobación do órgano de contratación correspondente, o programa para a súa realización, no que consten as tarefas que considere necesario realizar para atender o contido do servizo propoñendo, no seu caso, os prazos parciais correspondentes a cada tarefa. A estes efectos utilizaranse como unidades de tempo a semana e o mes, salvo indicación en contrario do prego de prescricións técnicas. O programa de traballo respectará todas as datas ou prazos de entrega fixado no contrato, e conterá todos os datos esixidos en aquel prego.

O órgano de contratación resolverá sobre o mesmo, podendo impoñer ao programa de traballo presentado a introdución de modificacións, ampliacións e o grao de definición que estime necesario para o cumprimento do contrato.

Se para o desenvolvemento dos servizos se precisara establecer polo adxudicatario contractos con entidades ou organismos públicos, necesitará a previa autorización do órgano de contratación.

Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, o contratista queda obrigado á actualización e posta ao día deste programa.

#### **Cláusula 41.- Traballos defectuosos ou mal executados.**

Hasta que teña lugar a recepción, o adxudicatario responderá da correcta realización dos servizos contratados e dos defectos que neles houbera, sen que sexa eximente nin dea dereito algún a circunstancia de que os representantes da Administración os haxan examinado ou recoñecido durante a súa elaboración ou aceptado en comprobacións, valoracións ou certificados parciais.

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, houbera incumplido parcialmente a execución das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución ou pola imposición das penalidades que se determinen segundo o **apartado 30 do Anexo I.**

**Sección terceira. Da subsanación de erros, indemnizacións e responsabilidade no cumprimento do prazo e penalidades por demora.**

#### **Cláusula 42. Subsanación de erros e corrección de deficiencias.**





De conformidade co disposto no artigo 314 LCSP, nos contratos de servizos que consistan na elaboración íntegra dun proxecto de obra, o órgano de contratación esixirá a corrección polo contratista dos defectos, insuficiencias técnicas, erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios que lle sexan imputables, outorgándose para o efecto o correspondente prazo que non poderá exceder de dous meses.

Se transcrido este prazo as deficiencias non fosen corrixidas, a Administración poderá, atendendo ás circunstancias concorrentes, optar pola resolución do contrato ou por conceder un novo prazo ao contratista.

Se se opta pola resolución, procederá a incautación da garantía e o contratista incorrerá na obrigaón de abonar á Administración unha indemnización equivalente ao 25% do prezo do contrato.

Se se opta pola concesión dun novo prazo, leste será dun mes improrrogable, incorrendo o contratista nunha penalidade equivalente ao 25% do prezo do contrato.

De producirse un novo incumprimento, procederá a resolución do contrato con obrigaón por parte do contratista de abonar á Administración unha indemnización igual ao prezo pactado con perda da garantía.

Cando o contratista, en calquera momento antes da concesión do último prazo, renunciar á realización do proxecto deberá abonar unha indemnización igual á metade do prezo do contrato con perda da garantía.

### **Cláusula 43. Indemnizacións por desviacións na execución das obras e responsabilidade por defectos ou erros do proxecto.**

Para os casos en que o orzamento de execución da obra prevista no proxecto se desviase en máis dun 20%, tanto por exceso como por defecto, do custo real da mesma como consecuencia de erros ou omisións imputables ao contratista consultor, se minorará o prezo do contrato de elaboración do proxecto, en concepto de indemnización, en función da porcentaxe de desviación, ata un máximo equivalente á metade daquel. O baremo de indemnizacións será o previsto no artigo 315.1 LCSP.

O contratista deberá abonar o importe da devandita indemnización no prazo dun mes a partir da notificación da resolución correspondente, que se adoptará, previa tramitación de expediente con audiencia do interesado.

Con independencia do previsto no apartado anterior, no artigo 314 LCSP e no artigo 233.4, segundo parágrafo LCSP, o contratista responderá dos danos e prexuízos que durante a execución ou explotación das obras cáusense tanto ao órgano de contratación como a terceiros, por defectos e insuficiencias técnicas do proxecto ou





polos erros materiais, omisións e infraccións de preceptos legais ou regulamentarios en que o mesmo incorrese imputables a aquel.

A indemnización derivada da responsabilidade esixible ao contratista alcanzará o 50% do importe dos danos e prexuízos causados, ata un límite máximo de cinco veces o prezo pactado polo proxecto e será esixible nos termos establecidos no artigo 315.2 LCSP.

#### **Sección cuarta. Do cumprimento do prazo e penalidades por demora.**

##### **Cláusula 44.- Cumprimento do prazo e penalidades por demora.**

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo fixado para a realización do mesmo, así como os prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.

Se os servizos sufriren un atraso na súa execución, e sempre que o mesmo non fora imputable ao contratista e este ofrecera cumprir os seus compromisos si se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo, dándolle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor, de acordo co establecido no artigo 195.2 da LCSP, regulándose os requisitos e trámites conforme ao artigo 100 do RGLCAP. O responsable do contrato emitirá un informe onde se determine si o atraso foi producido por motivos imputables ao contratista.

De conformidade co disposto no artigo 29.3 LCSP cando se produza demora na execución da prestación por parte do empresario, o órgano de contratación poderá conceder unha ampliación do prazo de execución, sen prexuízo das penalidades que no seu caso procedan, resultando aplicable o previsto nos artigos 192 e seguintes de la LCSP.

Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total ou parcial, a Administración poderá optar, atendidas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades que figuran no **apartado 30 do Anexo I** ao presente prego.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, IVE excluído o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades. Neste último suposto, o órgano de contratación concederá a ampliación do prazo que estime necesaria para a terminación do contrato.

Así mesmo, a Administración terá as mesmas prerrogativas cando a demora no cumprimento dos prazos parciais faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.





A Administración, en caso de incumprimento dos prazos parciais definidos no contrato por parte do contratista, poderá optar pola resolución do contrato ou polas penalidades que se determinan no **apartado 30 do Anexo I** ao presente prego.

Nos supostos de incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso ou de demora na execución en que non estea prevista penalidade ou en que estando a mesma non cubrirea os danos causados á Administración, esixírase ao contratista a indemnización por danos e prexuízos.

## **Sección quinta. Da modificación e suspensión do contrato**

### **Cláusula 45.- Modificación do contrato.**

Os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos na Subsección 4ª da Sección 3ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo de la LCSP, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191 LCSP, coas particularidades previstas no artigo 207 LCSP.

Os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos supostos establecidos no apartado 2 do artigo 203 LCSP.

Procederá a modificación do contrato nos termos previstos no prego de cláusulas administrativas particulares, cando así se establecera no **apartado 13 do Anexo I** ao presente prego, na forma e co contido sinalado no artigo 204 da LCSP.

A porcentaxe máxima do prezo inicial do contrato ao que poidan afectar as citadas modificacións será o establecido no **apartado 13 del Anexo I** ao presente prego.

As modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas nos termos establecidos no artigo 206 da LCSP, debendo formalizarse nos mesmos termos empregados na adxudicación, conforme ao disposto no artigo 153 da LCSP e publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 y 63 da citada lei.

En canto ao seu réxime estarase ao disposto na Subsección 4ª da Sección 3ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da LCSP, e os artigos 191 e 203 da LCSP, así como ao disposto regulamentariamente.

De conformidade co artigo 309 da LCSP, nos casos en que a determinación do prezo se realice mediante unidades de execución, non terán a consideración de modificacións, sempre que así se establecera no prego de cláusulas administrativas particulares, a variación que durante a correcta execución da prestación se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas





no contrato, as cales poderán ser recollidas na liquidación, sempre que non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento.

No presente contrato a posibilidade de incrementar o numero de unidades ata o 10 por cento do prezo, establececese no **apartado 28 do Anexo I**.

#### **Cláusula 46.- Suspensión do contrato.**

A Administración, por razóns de interese público, poderá acordar a suspensión da execución do contrato. Igualmente, procederá a suspensión do contrato si se dese a circunstancia sinalada no artigo 198.5 da LCSP. A efectos da suspensión do contrato estarase ao disposto no artigo 208 da LCSP.

De conformidade co artigo 208 LCSP, se a Administración acordase a suspensión do contrato ou aquela tivera lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5 LCSP, a Administración aboará ao contratista os danos e prexuízos efectivamente sufridos por este con suxeición ás regras establecidas no artigo 208 LCSP.

### **CAPITULO IV. Extinción do contrato.**

#### **Sección primeira. Da resolución do contrato**

#### **Cláusula 47.- Resolución do contrato**

Son causas de resolución do contrato as recollidas nos artigos 211 e 313 da LCSP.

De conformidade co artigo 211.2 LCSP, nos casos en que concorran diversas causas de resolución do contrato con diferentes efectos en canto ás consecuencias económicas da extinción, deberá atenderse á que aparecera con prioridade no tempo.

A resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación de conformidade co disposto no artigo 212.1 LCSP mediante procedemento tramitado na forma regulamentariamente establecida.

Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista lle será esixible unha indemnización á Administración polos danos e prexuízos ocasionados. A determinación dos danos e prexuízos que deba indemnizar o contratista levarase a cabo polo órgano de contratación en decisión motivada previa audiencia do mesmo, atendendo, entre outros factores, ao atraso que implique para a inversión proxectada e aos maiores gastos que ocasione á Administración.

Para a aplicación das causas de resolución se estará ao disposto no artigo 212 da LCSP e para os seus efectos ao disposto nos artigos 213 y 313 da LCSP, así como no seu caso, ao disposto no desenrolo regulamentario.





## **Sección segunda. Da realización dos servizos.**

### **Cláusula 48 .- Forma de presentación.**

O adxudicatario, no seu caso, queda obrigado a presentar os exemplares completos do traballo obxecto do contrato que se determinen no Prego de Prescricións Técnicas Particulares, co formato e dimensión dos documentos e planos, no seu caso, que se determinen nas especificacións de dito prego.

contrato entenderase cumprido polo contratista cando, transcorrido o prazo de vixencia total do contrato, aquel se realizara de acordo con termos do mesmo e a satisfacción da Administración a totalidade do obxecto do contrato.

### **Cláusula 49.- Realización dos servizo e entrega dos traballos**

O contratista deberá ter realizado o obxecto do contrato dentro do prazo estipulado, efectuándose polo responsable do contrato un exame da documentación presentada e se estimase cumpridas as prescricións técnicas proporá que se leva a cabo a recepción.

No caso de que estimase incumpridas as prescricións técnicas do contrato, daralle ao contratista as instrucións precisas para que remedie as fallas o defectos observados, facendo constar en dito documento que fixe para elo e as observacións que estime oportunas.

Si existira reclamación por parte do contratista respectos das observacións formuladas polo responsable do contrato, este elevaraaas xunto co seu informe ao órgano de contratación, que resolverá sobre o particular.

Se o contratista non reclamase sobre as observacións realizadas polo responsable do contrato, entenderase ques e atopa conforme coas mesmas.

### **Cláusula 50.- Recepción e liquidación do contrato.**

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este se atope realizado de acordo cos termos do mesmo na totalidade do seu obxecto, e a satisfacción da Administración.

O acto formal de recepción ou conformidade efectuarase por parte da Administración dentro do mes seguinte á entrega do obxecto ou realización do obxecto do contrato.

Hasta que finalice o prazo de garantía, o adxudicatario responderá da correcta realización da prestación obxecto do contrato e dos defectos que nela houbera, sen que sexa eximente nin outorgue dereito algún a circunstancia de que os





representantes da Administración os haxan examinado ou recoñecido durante a súa elaboración, ou aceptado en comprobacións, valoracións ou certificacións parciais.

Dentro do prazo de trinta días a contar desde a data da acta de recepción de conformidade, deberase acordar, en caso de que a natureza do contrato o esixa, e ser notificada ao contratista a liquidación do contrato, e abonarlle, no seu caso, o saldo restante. Non obstante, se se recibe a factura con posterioridade a data en que ten lugar dita recepción, este prazo de trinta días contarase desde a súa correcta presentación polo contratista no Rexistro correspondente nos termos establecidos na normativa de facturación electrónica.

Se se producise demora no pago do saldo de liquidación, o contratista terá dereito a percibir os intereses de demora e a indemnización polos custes de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

#### **Cláusula 51.- Propiedade dos traballos.**

Todos os estudos e documentos elaborados, no seu caso, en execución do contrato serán propiedade do concello da Estrada quen poderá reproducilos, publicalos e divulgarlos total ou parcialmente sen que poida opoñerse a elo o adxudicatario autor dos traballos.

O adxudicatario non poderá facer ningún uso e divulgación dos estudos e documentos elaborados con motivo da execución deste contrato, ben sexa en forma total ou parcial, directa ou extractada, se autorización expresa do órgano de contratación.

Os contratos de servizos que teñan por obxecto o desenvolvemento e a posta ao disposición de produtos protexidos por un dereito de propiedade intelectual ou industrial, levarán aparellada a cesión deste ao Concello da Estrada. En todo caso, e aínda cando se exclúa a cesión dos dereitos de propiedade intelectual, poderase autorizar o uso do correspondente produto aos entes, organismos e entidades pertencentes ao sector público a que se refire o artigo 3.1 LCSP.

#### **Sección terceira. Do prazo de garantía.**

##### **Cláusula 52.- Prazo de garantía.**

O prazo de garantía comezará a contar dende a data da recepción ou conformidade e será o indicado no **apartado 32 do Anexo I** ao presente prego.

Durante dito prazo a garantía definitiva responderá dos conceptos sinalados no artigo 110 LCSP que resulten de aplicación.





No suposto de que houbera recepcións parciais, o prazo de garantía das partes recibidas comezará a contarse dende as datas das respectivas recepcións parciais.

Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos dos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamar ao contratista a subsanación dos mesmos.

Terminado o prazo de garantía sen que a Administración formalizará algún dos reparos ou a denuncia a que se refiren os apartados anteriores, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada.

Cando o contrato de servizos consista na elaboración íntegra dun proxecto de obra e se comprobe a existencia de defectos, insuficiencias técnicas, erros ou desviacións procederá a incoación de expediente de subsanación de conformidade co disposto nos artigos 314 e 315 da LCSP.

O contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre as observacións que se formulen en relación co cumprimento da prestación contratada.

#### **Sección cuarta. Prerrogativas e facultades da Administración e Recursos**

##### **Cláusula 53.- Prerrogativas e facultades da Administración.**

Dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na LCSP, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofrezan o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, declara a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo acordar a súa resolución e determinar os efectos desta.

Igualmente, o órgano de contratación ostenta as facultades de inspección das actividades desenvoladas polos contratistas durante a execución do contrato, nos termos e cos límites establecidos na LCSP para cada tipo de contrato. En ningún caso ditas facultades de inspección poderán implicar un dereito xeral do órgano de contratación a inspeccionar as instalacións, oficinas e demais emprazamentos nos que o contratista desenrole as súas actividades, salvo que tales emprazamentos e as súas condicións técnicas sexan determinantes para o desenvolamento das prestacións obxecto do contrato, extremos que deberán quedar xustificadas de forma expresa e desglosada no expediente administrativo.

Os procedementos para a adopción de acordos relativos ás prerrogativas establecidas anteriormente, instruiranse de conformidade co disposto no artigo 191 LCSP.







Os acordos que adopte o órgano de contratación porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos.

#### **Cláusula 54.- Recursos**

Os actos que se diten nos procedementos aberto simplificados de adxudicación de contratos das Administracións Públicas que non reúnan os requisitos do apartado 1 do artigo 44 LCSP poderán ser obxecto de recurso de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa

*Documento asinado dixitalmente á marxe*





## ANEXO I.

### CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO

**TÍTULO: CONTRATO DE SERVIZOS DE "RESTAURACIÓN DO RETABLO MAIOR DA IGREXA DE STO. TOMÉ DE ANCORADOS (A ESTRADA), A ADXUDICAR POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO.**

#### **1.- Definición del obxecto del contrato: (Cláusula 5)**

O obxecto deste contrato consiste en levar a cabo as actuacións necesarias para a restauración do retablo da igrexa de San Tomé de Ancorados, deste Concello.

- Código/s CPV: 45454100 – Traballos de restauración.

- **División en lotes:** NO

Na Memoria Xustificativa sobre a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación de data 31 de xullo de 2024 consta a motivación da non división en lotes:

*"Segundo o disposto no artigo 99.3 da LCSP, o órgano de contratación, poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos que deberán de xustificarse no expediente. Dita xustificación é a seguinte: O obxecto do contrato non se divide en lotes, a efectos da súa execución, xa que a labor de restauración hai que entendela como un todo, non sendo posible actuar no retablo por partes."*

- Contrato reservado de conformidade coa D.A. 4ª LCSP: NON

- Necesidades administrativas a satisfacer mediante o contrato:

Necesidade a satisfacer:

A necesidade da celebración deste contrato ven determinada polo o estado no que se atopa o retablo, xa que tendo en conta que se localiza no muro de peche da cabeceira da igrexa de Santo Tomé de Ancorados, concretamente apoiado no muro leste da edificación adaptándose ao espazo superior abovedado, require dunha restauración urxente para evitar o seu deterioro definitivo.

#### **2.- Órganos administrativos e de asistencia. (Cláusulas 2, 27 y 29)**

Órgano de contratación: Xunta de Goberno Local





Órgano de Asistencia: Mesa de Contratación: SI

A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario/a e o Interventor/a, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supoñer mais dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario/a un/a funcionario da Corporación.

Estará integrada polos membros que se designen no acordo de aprobación do expediente.

Os membros da mesa de contratación deberán asinar a declaración que corresponda sobre a ausencia ou non de conflito de intereses, que constan como Anexo Final ao presente prego.

#### **Oficina contable, órgano xestor e unidade tramitadora:**

Aos efectos da presentación da factura electrónica de conformidade coa Lei 25/2013 de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público comunicamos o seguinte:

O Concello da Estrada co CIF P3601700B está adherido ao FACe cos seguintes códigos:

- L01360176 OFICINA CONTABLE (Facturación)
- L01360176 ÓRGANO XESTOR (Concellería de Economía e Facenda)
- L01360176 UNIDADE TRAMITADORA (Intervención)

#### **3.- Unidade encargada do seguimento e execución do contrato. (Cláusula 4)**

Urbanismo.

#### **4.- Valor Estimado. (Cláusulas 6 y 18)**

Valor estimado: 42.107,00 €.

Suxeito a regulación armonizada: NON





**5.- Orzamento base de licitación e crédito en que se ampara.** (Cláusulas 7, 8 y 45)

O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 50.949,47 euros (IVE incluído)

IVE: 8.842,47 euros.

Existencia de crédito:

Existe crédito suficiente nas partidas orzamentarias:

0 432 48902.....949,47 euros.

0 432 78900.....50.000,00 euros.

Proxecto: 2.024 2 RETAB 36 1 RESTAURACIÓN RETABLO IGREXIA SANTO TOM

**Cofinanciamento:** SI

**6.- Revisión de prezos (Cláusula 12).**

Procede: NON

**7.- Réxime de pagos (Cláusula 29).**

O pagamento do contrato realizarase unha vez rematados os traballos.

**Abonos a conta por operacións preparatorias: (Cláusula 29)**

Non proceden.

**8.- Prazo de execución e lugar de execución. (Cláusulas 9, 10, 22 y 44)**

Prazo total: 5 meses desde a formalización do contrato.

Prórroga: Non procede

Prazos parciais: NON procede.

Recepcións parciais: NON procede

Lugar de execución: Igrexa de Santo Tomé de Acorados - Concello da Estrada.





## 9.- Programa de traballo. (Cláusula 40)

Si

## 10.- Procedemento e criterios de adxudicación. (Cláusulas 18 e 20)

Tramitación anticipada: NON

Tramitación urxente: NON

Tramitación ordinaria: SÍ

Procedemento: Aberto simplificado.

Criterios de adxudicación: Atenderase a unha pluralidade de criterios.

## 11.- Solvencia económica, financeira e técnica. (Cláusulas 13, 14, 15 y 27)

- **Clasificación:** Non se esixe en virtude do artigo 77.1.b) LCSP

- **Acreditación da solvencia económica e financeira:**

**Artigo 87 apartado 1):** Volume anual de negocios, referido ao mellor exercicio dentro dos tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas por importe igual ou superior ao exixido no anuncio de licitación e nos pregos do contrato.

A solvencia económica e financeira do empresario deberá acreditarse mediante o volume anual de negocios correspondente aos tres últimos exercicios concluídos, debendo xustificar no ano de maior volume de negocio polo menos unha vez e media o valor estimado do contrato, que ascende a 63.160,05 euros.

Documentación a presentar (referida ao mellor dentro dos tres últimos dispoñibles):

a) No caso de entidades con personalidade xurídica propia (sociedades mercantís): Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda, e/ou modelo 200 (Declaración-liquidación do Imposto sobre Sociedades).

b) No caso de titulares de actividades económicas no ámbito do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF).

b.1) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación directa normal ou simplificada.





- Libro rexistro de ventas e ingresos (debendo estar debidamente legalizado, en seu caso).

- Modelo 390 (declaración resumen anual IVE) e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas).

b.2) Empresarios e profesionais con tributación do IRPF mediante o método de estimación obxectiva.

- Libro rexistro de ventas e ingresos e/ou modelo 100 (documento de ingreso ou devolución da declaración do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas).

- Declaración responsable asinada polo representante legal que acredite que o libro de rexistro de ventas e ingresos reflicte a imaxe fiel da actividade económica da empresa. No caso de non dispor do libro de rexistro de ventas e ingresos, a declaración debe acreditar que o rendemento neto da actividade reflicte a imaxe fiel da actividade económica da empresa.

En todo caso, a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas das Administracións Públicas acreditará fronte a todos os órganos de contratación do sector público, a tenor do reflectido no mesmo e salvo proba en contrario, as condicións de solvencia económica e financeira do empresario.

### **Acreditación da solvencia técnica ou profesional:**

#### **Artículo 90 .1 LCSP**

Para acreditar a Solvencia Técnica e Profesional suficiente para a Execución do presente contrato, deberase cumprir a totalidade dos seguintes requisitos:

Relación dos principais servizos efectuados nos tres últimos anos, de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, por un importe anual acumulado no ano de maior execución que sexa igual ou superior ao 70% da anualidade media do contrato, que ascende a 29.474,90 euros.

Acreditarase mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes no poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

No suposto de proposta de adxudicación a favor dunha unión temporal de empresas, as empresas integrantes da mesma deberán aportar a documentación





senalada referida a cada unha delas e terán en conta que a constitución da unión temporal en escritura pública deberá realizarse respectando o límite que supón o prazo previsto para a formalización do contrato.

Empresas de nova creación:

De acordo co disposto no artigo 90.4 da LCSP, no caso de empresas de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a solvencia técnica ou profesional acreditarase por calquera dos medios previstos que prevé dito artigo para as empresas de nova creación.

### **12.- Concreción das condicións de solvencia. (Cláusulas 16 y 24)**

a) Compromiso de adscrición á execución de contrato de medios persoais e materiais: SI

### **13.- Habilitación empresarial. (Cláusulas 13 y 27)**

Procede: NON

### **14.- Garantía provisional. (Cláusulas 20 y 24)**

Procede: NON

### **15.- Garantía definitiva. (Cláusula 21)**

Procede: SI

5 por 100 del prezo final ofertado, excluído o IVE

Constitución mediante retención no prezo: NON

### **16.- Garantía complementaria. (Cláusula 21)**

Procede: NON

### **17.- Pólizas de seguros. (Cláusulas 27 y 35)**

Procede: SI

O adxudicatario deberá constituir un seguro de responsabilidade civil que dea cobertura as actuacións propias do contido do obxecto deste contrato, con unha contía mínima de 200.000 euros.





Nesta póliza deben figurar expresamente como asegurados os danos e prexuízos que se causen a terceiras persoas como consecuencia da prestación do servizo imputables ao adxudicatario.

O adxudicatario comprometerase a manter a póliza de seguro nas condicións descritas desde a sinatura do contrato hasta a finalización deste.

Momento de entrega da pólizas: Previa a formalización do contrato.

### **18.- Forma das proposicións: (Cláusulas 24)**

As proposicións deberán presentarse en dous sobres/arquivos electrónicos de conformidade co disposto na cláusula 24 deste prego.

- ARQUIVO ELECTRÓNICO A: DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZOS DE VALOR.

- ARQUIVO ELECTRÓNICO B: OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES.

Non se poderá incluír, no sobre electrónico da documentación administrativa e oferta técnica ningún dato que permita coñecer a oferta económica ou demais criterios de valoración de forma automática. Dita circunstancia será motivo de exclusión do licitador.

### **19.- Criterios de adxudicación. (Cláusula 20 )**

Pluralidade de criterios de adxudicación

#### **CRITERIOS:**

#### **1.- Criterios avaliados mediante xuízos de valor, ata un máximo de 25 puntos.**

As propostas presentadas puntuaranse cun máximo de 25 puntos, de conformidade cos seguintes criterios avaliados mediante un xuízo de valor:

#### **A. MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO**

Valorarase con ata 25 puntos, que se distribuirán segundo os seguintes apartados:

**A.1. Análise da actuación obxecto de intervención, das actividades e unidades de actuación e dos condicionantes principais para a execución do contrato** (máximo 15 puntos), cos seguintes intervalos de puntuación:







I) Analiza a problemática da actuación, os condicionantes principais e as actividades máis importantes de forma correcta coa execución dos traballos. En concreto desenvolve a explicación da concepción, o porqué da forma de execución, a importancia dos condicionantes principais para a execución dos traballos, explicación de dificultades ou fitos da execución presentada, e os procedementos a realizar. **(15 puntos)**.

II) Analiza a problemática da actuación e as actividades máis importantes, aínda que expón os condicionantes principais de forma xeral **(12 puntos)**.

III) Analiza a problemática da actuación e os condicionantes principais, aínda que expón as actividades máis importantes de forma xeral **(8 puntos)**.

IV) Explica a intervención de forma xeral, aínda que analiza os condicionantes de forma correcta, así como as actividades máis importantes. **(6 puntos)**.

V) Presenta de forma xeral a explicación da intervención, condicionantes e actividades máis importantes. **(4 puntos)**

VI) Non realiza análise de actuacións, ou esta non se considera específica ou adaptada ao proxecto. **(0 puntos)**.

**A.2. Programación das actuacións (máximo 10 puntos)**, cos seguintes intervalos de puntuación:

I) Programa de forma correcta e exhaustiva a totalidade das actuacións, é dicir, presenta unha programación realmente explicativa e particular das actuacións a desenvolver, con revisión da ordenación lóxica das unidades de traballo (a dependencia dunhas unidades sobre outras) e dos equipos que se emplean nas mesmas. **(10 puntos)**

II) Programa de forma correcta as principais actuacións, é dicir, presenta unha programación realmente explicativa e particular das actuacións a desenvolver, con revisión da ordenación lóxica das unidades de traballo (a dependencia dunhas unidades sobre outras) e dos equipos que se emplean nas mesmas. **(8 puntos)**.





III) Programa de execución de forma xeral, e ben plantexada. **(5 puntos).**

IV) Programa de execución de forma xeral, pero con erros. **(2 puntos).**

V) Non presenta programación das obras. **(0 puntos)**

Para continuar no proceso selectivo as e os licitadores deberán **alcanzar un mínimo do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor (12,5 puntos).**

## **2.- Criterios avaliados mediante cifras ou porcentaxes, ata un máximo de 75 puntos.**

\* **EXPERIENCIA**, cun máximo **de 20 puntos.**

Valorarase como experiencia do persoal adscrito ao contrato, o número de trallo de restauración de retablos de madeira policromada realizados nos últimos 5 anos.

Outorgarase **5 puntos** por cada traballo de restauración de retablos de madeira policromada (ata un máximo de 4 traballos).

Acreditarase este requisito achegando, xunto co modelo de oferta, as probas dos servizos efectuados mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta de este certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes no seu poder que acrediten a realización da prestación.

\* **REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN**, cun máximo **de 10 puntos.**

Outorgarase 1,25 puntos por cada semana de redución do prazo de execución do proxecto.

\* **PREZO**, cun máximo **de 45 puntos.** A valoración das ofertas económicas en función das ofertas presentadas puntuarase entre 0 e 45 puntos mediante a aplicación das fórmulas matemáticas que se indican:

Sexa "MAX" o orzamento máximo de licitación, sen IVE.

Sexa "MIN" o 90% de "MAX".

Sexa "OFERTA" o prezo sen IVE ofertado polo licitadores





Valorarase da seguinte maneira:

- Se OFERTA > MAX, asignarase unha valoración de 0 puntos.
- Se  $MIN \leq OFERTA \leq MAX$ , asignarase a puntuación V que resulte da seguinte fórmula:  $V = 40 - [40 \times (OFERTA - MIN) / (MAX - MIN)]$
- Se OFERTA < MIN, asignarase a puntuación V que resulte da seguinte fórmula:  $V = 40 + (1 - OFERTA / MIN) * 10$

## **20.- Ofertas anormalmente baixas. (Cláusula 20)**

Procede: SI

.Os criterios que se terán en conta para apreciar as baixas temerarias ou desproporcionadas son os regulados no artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

- Prazo para a xustificación da anormalidade da oferta: 3 días hábiles desde a data de envío da comunicación.

## **21.- Admisibilidade de variantes. (Cláusula 23)**

Procede: NON

## **22.- Documentación técnica a presentar en relación cos criterios de adxudicación vinculados a un xuízo de valor (Cláusula 24)**

Memoria Técnica: A documentación deberá ser presentada en formato A4 cun tipo de letra Arial 11 ou equivalente.

## **23.- Órgano de valoración de criterios subxectivos. (Cláusula 25)**

Procede: NON

## **24.- Condiciones especiais de execución. (Cláusula 11)**

- Condicións especiais de execución, (previstas no artigo 202.2 LCSP):
  - De tipo social: A empresa contratista está obrigada a cumprir durante todo o período de execución do contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación, se ben en todo caso, o adxudicatario estará obrigado a cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ao Convenio Colectivo sectorial de aplicación.





Xustificarse mediante declaración responsable que se presentará coa factura.

#### **25.- Execución do contrato. (Cláusula 15)**

Posibilidade de executar determinadas partes ou traballos, en atención a súa especial natureza, directamente polo propio licitador ou, por un participante na UTE: Si

#### **26.- Subcontratación. (Cláusula 38)**

Subcontratación: Si

#### **27.- Cesión do contrato. (Cláusula 37)**

Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro:

SI, de conformidade co disposto no segundo paragrafo do artigo 214.1 LCSP.

#### **28.- Modificacións previstas no prego de cláusulas administrativas particulares. (Cláusula 45)**

Procede: NON

#### **29.- Suspensión. (Cláusula 46)**

Abono ao contratista dos danos e prexuízos por suspensión do contrato: SÍ de conformidade co disposto no artigo 208 LCSP.

#### **30.- Penalidades. (Cláusulas 11, 32, 36, 38, 41 y 44)**

a) Por demora: de conformidade co establecido no artigo 193 da LCSP.

b) Por incumprimento parcial ou cumprimento defectuoso:

b.1) Por cumprimento defectuoso:

O incumprimento defectuoso das prestacións penalizarase nos termos do artigo 192 da LCSP

c) Por incumprimento dos criterios de adjudicación:

Procede: SI





Por incumprimento de calquera dos compromisos ofertados que foran obxecto de valoración.

Penalidade: 2% do prezo do contrato

d) Por incumprimento das obrigas relativas a subrogación:

Procede: NON

e) Por incumprimento das obrigas en materia medioambiental, social ou laboral:

Procede: SI

Penalidade: 2 % do prezo do contrato

f) Por subcontratación:

Procede: SI

Por incumprimento das condicións de subcontratación (artigo 215.3 LCSP): SI

-5 % do importe subcontratado IVE excluído, para o incumprimento dos requirimentos de documentación.

-5 % do importe adeudado ao subcontratista ou subministrador, IVE excluído, para o incumprimento do pago en prazo.

h) Outras infraccións: NON

### **FORMA DE IMPOSICIÓN DE PENALIDADES:**

Para proceder a imposición das penalidades indicadas, será necesario que os incumprimentos que poidan dar lugar as mesmas queden certificados por o responsable do contrato. Desta certificación darase traslado ao contratista para que realice as alegacións oportunas no prazo de 5 días hábiles. Toda a documentación recabada será trasladada ao órgano de contratación, que resolverá sobre a imposición da penalidade, que se fará efectiva mediante o correspondente desconto na facturación do mes seguinte o da notificación da imposición da mesma ao adxudicatario ou, no seu caso, con cargo a garantía definitiva.

### **31.- Causas de resolución do contrato. (Cláusula 47)**

Polas causas previstas no artigo 211 e 313 da LCSP, así como incumprimento de condición especial de execución de carácter social para a aplicación das causas de resolución estarase ao disposto no artigo 212 LCSP e para os seus efectos ao





disposto nos artigos 213 e 313 LCSP, así como no seu caso, ao disposto no desenvolvemento regulamentario.

### **32.- Prazo de garantía. (Cláusula 22 y 52)**

Un ano desde a finalización dos servizos obxecto deste contrato.

### **33.- Deber de confidencialidade. (Cláusula 33)**

Duración: 5 años desde o coñecemento desa información.

### **34.- Prazo de solicitude de información adicional sobre os pregos. (Cláusula 19)**

Os interesados no procedemento de licitación deberán solicitar información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria con unha antelación de 6 días antes da finalización do prazo de presentación de proposicións.

### **35.- Perfil do contratante. (Cláusulas 19 y 25)**

O Perfil de contratante no Concello da Estrada está aloxada na Plataforma de Contratación do Sector Público (<http://www.contrataciondelestado.es>)

### **36.- Forma, lugar e prazo de presentación de ofertas:**

Forma electrónica: SI

Lugar de presentación: perfil do contratante do Concello da Estrada está aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (<http://www.contrataciondelestado.es>)

Prazo: 15 DÍAS NATURAIS contados desde o día seguinte a publicación do anuncio no perfil do contratante do concello da Estrada aloxado na Plataforma de Contratación do Estado

### **37.- Carteis informativos.(Cláusula 30)**

O contratista terá a obriga de colocar, ao seu cargo, os carteis informativos da actuación a realizar, seguindo os modelos e instrucións da Administración para dar cumprimento á obriga de publicidade, nos termos sinalados no Convenio.

Na data en que comecen os traballos, o contratista queda obrigado a colocar á súa costa un cartel informativo que deberá de estar visible durante a execución das obras e durante o período de garantía previsto na LCSP e cuxo modelo facilitará O concello





## ANEXO II

### ARQUIVO ELECTRÓNICO A: DECLARACIÓN RESPONSABLE E OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR.

#### DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./  
Dona .....  
., con DNI número.....en nome (propio) ou (da empresa que representa).....entidade que (*marcar cun x*) SI[ ] NON [ ] cumpre as condicións de PYME, con NIF.....e domicilio fiscal en.....rúa.....número....., teléfono de contacto nº.....coñecendo o anuncio publicado no perfil do contratante do día..... de..... de..... para a adjudicación do contrato de servizos de "**RESTAURACIÓN DO RETABLO MAIOR DA IGREXA DE STO. TOMÉ DE ANCORADOS (A ESTRADA)**"

#### DECLARO baixo a miña responsabilidade:

1. Que se dispón da capacidade de obrar e xurídica e da habilitación profesional, clasificación e/ou solvencia esixida neste prego para executar o contrato.
2. Que se está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
3. Que o asinante ostenta a representación da sociedade que presenta a oferta, que conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade e que non está incursa en prohibición de contratar algunha.
4. Que se trata de empresa estranxeira (**indicarase unha das opcións**):
  - Si, sométome á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponderlles
  - Non.





5. Que a empresa á que represento emprega a **(indicarse unha das opcións)**:

- Menos de 50 traballadores
- 50 ou mais traballadores e **(indicarse unha das opcións)**:
  - Cumpre coa obriga de que entre eles, a lo menos, o 2% sexan traballadores con discapacidade, establecida polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.
  - Cumpre as medidas alternativas previstas no Real Decreto 364/2005, de 8 de abril, polo que se regula o cumprimento alternativo con carácter excepcional da cota de reserva a favor de traballadores con discapacidade.

6. Que a empresa á que represento, cumpre coas disposicións vixentes en materia laboral e social.

7. Que a empresa á que represento: **(indicarse unha das opcións)**:

- Emprega a mais de 250 traballadores e cumpre co establecido no apartado 2 do artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, relativo á elaboración e aplicación dun plan de igualdade.
- Emprega 250 ou menos traballadores e en aplicación do convenio colectivo aplicable, cumpre co establecido no apartado 3 do artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, relativo á elaboración e aplicación dun plan de igualdade.
- En aplicación do apartado 5 do artigo 45 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, a empresa non está obrigada á elaboración e implantación do plan de igualdade.

8. **(Alternativamente)**







- Que a esta licitación NON concorre ningunha outra empresa do grupo empresarial ao que pertence a que represento.
- Que a esta licitación presentarán ofertas as seguintes empresas integradas no mesmo grupo empresarial do que forma parte a que represento: .....

9. Dirección de correo electrónico "habilitada" para efectuar as notificacións, de conformidade co disposto na Disposición adicional 15 da LCSP:.....

10. Que se atopa inscrita no Rexistro: (no seu caso):

- a) Rexistro Oficial de Licitadores e empresas clasificadas do Sector Público con número de inscrición.....
- b) Rexistro equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia con número de inscrición.....

**OFERTA DE CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE UN XUÍZO DE VALOR.**

**Memoria e programa de traballo:**

A.1. Análise da actuación obxecto de intervención, das actividades e unidades de actuación e dos condicionantes principais para a execución do contrato.

A.2. Programación das actuacións

*Data e sinatura*







## ANEXO IV.

### UNIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESAS

D./D<sup>a</sup>.....,con domicilio en ....., DNI nº....., en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio/en representación de .....(nome ou denominación social, NIF)–segundo proceda en cada caso-, e D/D<sup>a</sup>..... DNI nº....., en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio/en representación de .....(nome ou denominación social, NIF) – segundo proceda en cada caso- en relación coa licitación do contrato de servizos de **"RESTAURACIÓN DO RETABLO MAIOR DA IGREXA DE STO. TOMÉ DE ANCORADOS (A ESTRADA)"** convocada polo Concello da Estrada, manifestan que ditas empresas concorren a licitación coa intención de constituirse en unión temporal de empresarios, na porcentaxe de participación de cada empresa de....., designando como persoa ou entidade representante ou apoderado único a ....., a efectos de notificación, coa seguinte dirección de correo electrónico:.....

En....., a ..., de ..... de 20...

Asdo..... Asdo. ....





## ANEXO V

### MODELO DE DECLARACIÓN DE CONFIDENCIALIDADE DE DATOS E DOCUMENTOS.

D./Dña....., como....., da empresa ....., como licitador do contrato de servizos de **"RESTAURACIÓN DO RETABLO MAIOR DA IGREXA DE STO. TOMÉ DE ANCORADOS (A ESTRADA)"**

**Declara:**

Aos efectos do previsto no Art.133 da LCSP que a información facilitada nos documentos e datos presentados no sobre\_\_\_\_\_que considera de carácter confidencial son los que a continuación se relacionan:.....

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Asdo: \_\_\_\_\_





## ANEXO FINAL

**(A cubrir unicamente polos membros da mesa de contratación, non polos licitadores)**

### **DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES MEMBROS MESA DE CONTRATACIÓN**

**(MODELO CANDO NON HA CONFLICTO)**

Denominación do contrato:

Contrato de servizos de **"RESTAURACIÓN DO RETABLO MAIOR DA IGREXA DE STO. TOMÉ DE ANCORADOS (A ESTRADA)"**

Referencia do procedemento administrativo:

.....

Para tratar de evitar posibles conflitos de intereses, esixírase a todas e cada unha das persoas pertencentes as distintas mesas de contratación, que poidan incurrir en conflitos de interese a hora de participar no procedemento de contratación pública, en cuanto a valoración técnica das ofertas e demais actuacións no procedemento, que completen e asinen a seguinte declaración:

D/D<sup>a</sup> ....., con DNI ....., en calidade de ..... declara, de forma libre e en pleno uso das súas facultades declara baixo a súa responsabilidade que:

**PRIMEIRO.** Segundo a lexislación vixente, **NON me atopo incurso en algunha situación pasada, presente ou que poida xurdir nun futuro previsible, en conflito de interese con respecto das entidades que concorren ao presente proceso de contratación;** podendo ser estes de natureza económica, por afinidades políticas, por afinidades nacionais, por relacións sentimentais, por relacións familiares ou por calquera outro tipo de relación ou intereses comúns.

Tomarase como conflito de interese o regulado no artigo 24 da Directiva 2014/24/UE, comprendendo "...ao menos calquera situación na que os membros do persoal do poder adjudicador, ou dun provedor de servizos de contratación que actúe en nome do poder adjudicador, que participen no desenvolvemento do procedemento de contratación ou poidan influír no resultado de dito procedemento teñan, directamente o indirectamente, un interese financeiro, económico ou persoal





que puidera parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de contratación”.

O conflito de intereses, polo tanto, pode ser de índole económica ou ser froito de afinidades políticas ou nacionais, de relacións familiares, sentimentais ou de calquera tipo de relación ou de intereses comúns.

SEGUNDO. Que se descubro ou se constata no transcurso do procedemento administrativo que xurdise algún conflito de interese, declarareino de forma inmediata ao órgano de contratación deixando de tomar parte en todas as actividades relacionadas co proceso administrativo, solicitando aos organismos pertinentes que se deriven as actuacións necesarias para facer efectiva dita desvinculación.

TERCEIRO. Que non levarei a cabo ningunha actuación, pasiva ou activa, da que se poida derivar algunha vantaxe ou desvantaxe ilexítima para algunha ou algunhas das entidades que concorran ao presente proceso de contratación.

CUARTO. Que non intentei, intento nin intentarei obter, e non aceptei, acepto, nin aceptarei ningún tipo de vantaxe, financeira ou en especie, cando tal vantaxe constitúa unha práctica ilegal ou implique corrupción, directa ou indirectamente, por ser un incentivo ou unha recompensa relacionada coa execución do presente proceso de contratación.

QUINTO. Que coñezo o RDL 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público e actuarei sempre conforme a Capítulo VI art 52 e art.53.

SEXTO. Que non me atopo en causa algunha de abstención, a tenor do disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMO. Que non incorro en causa de incompatibilidade, segundo la Lei 53/1984, de 26 de decembre, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

OITAVO. Que non levarei a cabo actuacións que conculquen os artigos 25 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso a Información Pública e Bo Goberno, en relación co artigo 8.1. do mesmo corpo legal o artigo 75 da LBRL.

NOVENO. Que non estou incurso en causa de incompatibilidade ou conflito de interese, segundo o disposto nos artigos 39 e 43, da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de Transparencia y Buen Gobierno de Galicia.





DÉCIMO. Que tratarei como confidenciais todos os asuntos que se me confíen. Non revelarei ningunha información confidencial que me sexa comunicada ou que haxa descuberto. Non farei uso improcedente da información que se me proporcione. Concretamente, acepto tratar en confianza e con discreción calquera información ou documentos que me sexan revelados ou que eu descubra ou prepare no transcurso ou como resultado da avaliación, e acepto que solo serán utilizados cos fins de dita avaliación e que non serán revelados a ningunha terceira parte. Tamén acepto que non reterei copias de ningunha información escrita que se me proporcione.

E para que así conste, asina a presente declaración en A Estrada, a ..... de ..... de 20....

Asdo.: .....

(Nome completo e cargo)





**(MODELO CANDO HAI CONFLITO)**

**(A cubrir unicamente polos membros da mesa de contratación, non polos licitadores)**

Denominación do contrato: .....

Referencia do procedemento administrativo: .....

Para tratar de evitar posibles conflitos de intereses, esixírase a todas e cada unha das persoas pertencentes as distintas mesas de contratación, que poidan incurrir en conflitos de interese a hora de participar no procedemento de contratación pública, en cuanto a valoración técnica das ofertas e demais actuacións no procedemento, que completen e asinen a seguinte declaración:

D/D<sup>a</sup> ....., con DNI ....., en calidade de .....  
declara, de forma libre e en pleno uso das súas facultades declara baixo a súa responsabilidade que:

PRIMEIRO. Segundo a lexislación vixente, **SI me atopo incurso en situación pasada, presente ou que poida xurdir no futuro previsible, de conflito de intereses con respecto das entidades que concorren ao presente proceso de contratación.....**  
.....<Indicar causa de incompatibilidade>.

SEGUNDO. A vista de que concorre algunha circunstancia que poida supoñer un conflito de interese, expreso a miña intención de absterme de ter participación algunha no presente procedemento administrativo, solicitando a/os organismo/s pertinente/s que se deriven as actuacións necesarias para facer efectiva dita desvinculación.

Y para que así conste, asina a presente declaración en A Estrada, a ..... de ..... de 20.....

Asdo.: .....  
.....

**(Nome completo e cargo)**

